

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Dispós de 45 minutos para realizar esta proba. Controla e reparte o tempo.
- 2.- Antes de comezar a escribir le detidamente as cuestións, cavila sobre elas e logo empeza a contestar tendo en conta sempre as normas de presentación.
- 3.- Indica o tempo adicado a preparar este control:.....e o que che levou face-lo:.....

TEXTO**CUESTIÓNS****PRÁCTICA:****1.- Identifica , nas seguintes frases, os dialectalismos:**

“Imos faguer eiquí eu e mais tu unha representación teatral”

“Túa nai é meigha, teño medo dela”

“Vimos un golpe atravesando a estrada”

2.- Divide as seguintes palabras en: morfema léxico, morfemas gramaticais e morfemas derivativos, especificando cada un deles.

D O E N T E S

P I Ñ E I R A L

R E T O M A R

C U L L E R I Ñ A

A N T E B R A Z O

3.- Pontua o seguinte texto: (para indicar un punto e á parte pon “//”despois do punto. Pon, tamén, as maiúsculas que precisas)

Se observades un mapamundi veredes que todos os barcos que queiran ir da ribeira atlántica de Europa a África ou Asia teñen que pasar fronte ás costas galegas e viceversa por esa razón recalaron nos portos de Galiza navegantes de todos os mares portugueses vascos cataláns marselleses xenoveses gaditanos holandeses escoceses ingleses daneses irlandeses as vilas mariñeiras coñeceron sempre o alegre balbordo dos portos cheos de barcos as tabernas inundaban-se de falas estranxeiras e as peixeiras berraban pingando debaixo das patelas sardiñas freeeeescas os primeiros navegantes desta terra botaron-se ao mar en barcos de vímbio recuberto de coiro estas embarcacións co empuxe dos remos ou axudadas por unha vela cadrada chegaban xa cargadas de ferro e estaño a Bretaña e ás Illas Británicas países cos que os castrexos comerciaban seica foi cun destes barcos que Ith fillo de Breogán descubriu Irlanda

4.- Escribe as palabras do texto anterior que teñan hiato:**5.- Nas seguintes frases aparecen palabras que presentan fenómenos de adición ou supresión de vocais. Subliña a palabra que presenta algun destes fenómenos, escribe a forma correcta e indica o nome do fenómeno:**

"o arrádio hoxe non funciona".

"Doe-me a ialma cando penso en ti, mais, que hei de facere?"

6.- Fai unha redacción, dun mínimo de quince liñas, explicando como funciona a biblioteca do centro, como son as fichas de préstamo de libros e como se fai unha cita bibliográfica.

TEORIA:

- 1.- Fonema: definición e clasificación.**
- 2.- Indica os bloques lingüísticos e tres características de cada un deles**
- 3.- A situación lingüística da Gallaecia romana.**
- 4.- O xénero épico ou narrativo.**